

Opinións recollidas no [blog da Biblioteca do IES Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. É unha boa obra fácil de ler, entretida, aínda que o pero que ten é a súa extensión. A obra trata da relación entre Carlos e Helena, dous amigos desde a infancia e mestura eses recordos que ten Helena coa crúa realidade que é o suicidio de Carlos. É unha obra realmente sentimental que contrasta o amor que senten os dous e a felicidade que acadaban ao volver a verse en Beiro cada verán, coa morte e a dor da perda. A linguaxe do relato é fácil e non se atopan palabras difíciles, en definitiva e como xa dixen, é un bo libro. Persoalmente gustoume aínda que se me fixo un pouco longa. **(Joaquín)**

2. Pola súa extensión e coa cantidade de traballos e de materia para estudar a estas alturas do curso, crin que non tería tempo de rematar a lectura, pero pronto (aínda que non sexa adecuado dicilo) víame con ganas de deixar o traballo para proseguir cunhas cantas follas máis. Dende a primeira folla na que se explica a morte de Carlos, a lectura préndate dunha incertidume que non acouga, animándote a seguir lendo e a mergullarte cada vez máis no pasado dos dous rapaces protagonistas. A facilidade que atopo no autor para describir cada un dos sentimentos de Helena (que parece algunhas veces increíble sendo relatados por unha persoa de sexo oposto) axuda a comprensión da terrible dor que desprende a trama durante toda a lectura. Así mesmo, por medio de flash-backs, achégaste ás raíces de certos sentimentos e de certas reaccións fundamentais para poder comprender por fin o desenlace. Para min, un dos mellores libros que levo lido para esta materi, e recoméndoo pola súa facilidade de lectura e polo tema en concreto. **(Xulia)**

3. Soen gustarme os libros que tratan historias de amor, pero este non me pareceu moi bo, a historia non é moi entretida, pareceume aburrida. "O sol no verán " é unha historia de amor e morte..A historia conta sucesos pasados (retrospección no tempo, na que Helena recorda os veráns compartidos da súa nenez na á casa de Beiro con Carlos ata as últimas horas compartidas con el no seu coche antes da morte deste), de presente e as veces tamén futuros (prolepse no tempo, na que Helena imaxina a relación da súa nai cando saiba a morte de Carlos). Neste libro abundan descrições da paisaxe, do ambiente na casa de Beiro polas noites,e descrições sentimentais. Non me gustou por: 1) Hai demasiados saltos de presente ao pasado, e viceversa. Nun momento, a protagonista conta o que está sucedendo nese momento e de repente, volve aos seus recordos e nos conta sucesos da súa nenez ou da súa adolescencia. Despois, volve outra vez ao presente e máis tarde, outra vez ao pasado, pero o que nos conta poucas veces segue ao que contou anteriormente. 2) Helena e Carlos están verdadeiramente namorados, pero non se declararon o que sente un a outro e tampouco fixeron nada para poder estar xuntos. E incluso, Helena casou... Ademais, algo pasou entre a nai de Helena e o pai de Carlos. Podo entender que a época na que vivían os pais de Helena e Carlos, a sociedade era aínda moi cerrada, as mozas non podían casar con quen queiran, son os pais quen lles elixen o marido; pero creo que a época de Helena e Carlos xa é distinta, é unha sociedade aberta onde trunfa o amor libre, por que non decidiron estar xuntos??? 3) Non nos di a razón pola que se suicidou Carlos. **(Shuquing)**

4. O libro trata as vivencias de dous nenos, Helena e Carlos, que a pesar de que se gustan desde mozos, a súa relación queda reducida á da amizade por circunstancias familiares. Pero xa na idade adulta,cando parece que todo está esquecido, o suicidio de Carlos fai que Helena empece a lembrar todos aqueles veráns nos que a súa nai o invitaba á casa de Beiro a pasar as vacacións. Pareceume unha historia entretida e moi intrigante, pero lévaste unha desilusión cando a rematas, e dáste conta de que non se sabe a razón pola cal Carlos decidiu suicidarse. Por outra parte, ás veces, con tantos cambios no tempo pérdeste, aínda que o final resulta moi sinxelo de ler. En definitiva, é un libro moi bo e distinto,un pouco longo para ler durante o curso, pero do que non te arrepintes de lelo, aínda que non saibas a razón da traxedia. **(Verónica)**

5. "O sol do verán" é unha novela que mediante lembranzas e anécdotas trata a historia, de amor e amizade de dous personaxes,Carlos e Helena (á que Carlos chama Periquita). A protagonista relata acontecementos da súa infancia e da mocidade dos veráns que pasaba con Carlos e a súa familia na casa de Beiro a raíz do suicidio de Carlos. A pesar do trágico final que ten, é un libro moi bonito e moi ben relatado, o que máis me gustou del foi a relación que tiñan os protagonistas entre eles e a forma que tiña o autor para describir os sentimentos que a protagonista narraba, o que che permitía adentrarte na historia con facilidade. Aínda que é un libro un pouco longo recomendaríao para ler, tanto pola historia -moi ben narrada-, como polo vocabulario -bastante sinxelo-. **(Tamara)**

6. *O sol de verán* é unha novela de Carlos Casares. Narra unha historia de amor entre Carlos e a protagonista, Helena. Estes coñécense dende pequenos e sempre foron moi amigos, xogaban xuntos nos veráns, construíran unha caseta, ían ás festas, pero sempre lle esconderon o un ó outro o que sentían respectivamente. O libro encantoume. É moi fácil de ler, e aínda que pareza longo, houberame encantado que seguise un pouco máis o conto, porque está tan ben narrado. Encantoume a personaxe de Carlos e dende o principio estiven esperando a que sucedera algo entre eles, polo menos que se sincerasen, e ao final se conten todo. No libro gustárame que ao final Carlos lle escribira unha carta a Helena, polo menos para que non fose tan rápida ... Sinceramente, recoméndolle este libro a todo o mundo,

porque seguro que os vai a encantar. Sen dúbida, intentarei ler máis libros de Carlos Casares, xa que me gustou moito a súa forma de narrar, facéndote entrar na personaxe e facendo unhas descrições increíbles parecendo que o estás ti a sentir tamén. **(Sara)**

7. A verdade é que este libro gustoume moitísimo, que a pesar de que poida parecer longo, lese moi rápido porque "engancha". Eu penso que isto se debe a que a medida que vas lendo o libro fáiseche máis incompreensible o porqué da morte de Carlos, xa que lendo a relación que mantiñan, preguntáste que é o que pode levar a alguén como Carlos ao suicidio, e non o descubres ata o final. Penso que esa intriga, combinada coa beleza da historia, o humor e a felicidade dos personaxes, e o feito de ir atando pouco a pouco os cabos soltos da historia, converte este libro nunha obra cunha lectura fácil, amena e que a min persoalmente me gustou moito. Tamén penso que é interesante a diversidade dos personaxes que a pesar de non seren protagonistas teñen unha gran participación na historia, e diversos comportamentos que se comprenden ao final do relato. Pareceume que o feito de narrar mediante recordos permite ver a evolución dos feitos que levan ao desenlace, que aínda que é xa coñecido ten bastantes sorpresas que fan que che quede aínda un mellor sabor de boca. Persoalmente é un dos mellores libros de galego que lín na miña vida. **(Raquel)**

8. Acostumado como estou a ler como voluntarios libros de relatos en galego, agradezo por fin ter lido unha novela en Lingua Galega. A verdade é que, ademais de ser a primeira, é un dos mellores libros que levo lido ata agora. A historia atrápate case dende o comezo, malia saber o desenlace, o interesante é ir vendo a relación que mantiñan os protagonistas, para saber o por que do suicidio de Carlos. Pareceume unha obra moi ben narrada, que aproveita moi ben os cambios temporais entre o pasado (nenez, mocidade, recordos felices) e o presente, o mundo adulto no que as cousas non son tan fáciles como cando eramos pequenos, e moito menos o amor. Ademais de contar a relación entre Carlos e Helena nos seus veráns xuntos en Beiro, tamén se conta a relación entre toda a familia, os recordos da tía Mercedes, o criado Anselmo, a nai de Helena, o pai, os criados, todo contado de xeito que consegue crear un ambiente moi familiar. Pero bruscamente, Helena salta dos seus recordos á realidade, ao burato negro no que se atopa dende a morte de Carlos. E o mellor é que, aínda que se intúa, a motivación do suicidio descóbrese??, naquel paseo no coche de Carlos do que xa falara, ... En resumo, o "Sol do verán" é unha novela que non tarda en lerse, que cautiva ao lector e na que o autor reflicte con mestría os sentimentos máis íntimos; o amor infantil, a adolescencia, a frustración por un amor imposible e a traxedia da morte dun ser querido, pero logrando que un libro que ten como eixo central a morte dun protagonista non deixe mal sabor de boca, aínda que si certa inquedaanza porque as cousas, no libro, non fosen doutro xeito. (R. **Javier**)

9. Comezo dicindo xa escoitara falar moi ben desta obra pero aínda así sorprendeume a súa capacidade para "engancharme" dende as primeiras páxinas. Pareceume moi entretida, fácil de ler e cun vocabulario bastante sinxelo. A obra xira ao redor da relación de Carlos e Helena dende a súa infancia ata a madurez, partindo dende o inesperado suicidio de Carlos. O único que lle podo obxectar a este libro son os continuos saltos do presente ao pasado que ás veces poden chegar a resultar algo confusos. En resumo paréceme unha novela moi interesante que todos deberían ler. **(Noela)**

10. Cualificaría esta obra como unha obra fácil de ler, entretida e sobre todo interesante, polo menos para min. A única cousa que podería criticar sería a súa extensión, pero no momento en que empezas a ler non te das conta. Boas podería dicir moitas cousas, porque como xa dixen encantoume. A linguaxe é moi fácil de ler e o fío da historia é moi fácil de seguir. Recomendo esta obra. E Felicito a Carlos Casares por ela. **(Carla)**

11. Esta novela gustoume moitísimo, os personaxes están moi ben feitos e ata resultan próximos, os feitos da infancia son sen dúbida moi tenros e pasas toda a novela preguntándote por que os protagonistas non rematan xuntos pero ao final deixoume un pouco indiferente, esperaba que ela seguira os pasos del por macabro que soe. **(Gloria)**

12. O libro é bastante entretido. Ao principio do libro tardou un pouco en engancharme, pero cando empeza xa a falar das aventuras da infancia xunto a Carlos xa me foi gustando máis. Ademais é un libro con intriga porque queres enterarte do por que do suicidio de Carlos, que motivos tiña para facer o que fixo xa que aparentemente era un home que estaba sempre feliz e non tiña preocupacións. A miña opinión sobre esta obra é bastante positiva xa que aínda de que sexan bastantes páxinas o les moi rápido. **(Pedro)**

13. A obra "O sol do verán" de Carlos Casares é unha das novelas que máis me gustaron das que, por agora, teño lido. Cántanos como Helena recorda a relación que mantivo con Carlos, unha vez que Carlos se suicida e ela vai de camiño á cidade a contarlle á súa nai. Pareceume unha gran obra na que a lectura non costa traballo algún e faise entretida e

amena narrando unha historia tan bonita como a que eles tiveron. Non creo que teña nada malo que dicir deste libro, pero se tivese que poñerlle algunha pega sería o final, porque, sen dubidalo, faría que Carlos e Helena estivesen xuntos despois de tanto tempo vivido. A miña valoración sobre este libro é moi positiva e recoméndollo a calquera que estea disposto a pasar un bo rato lendo. **(Paula)**

14. Esta novela trata sobre as lembranzas de Helena, unha muller que intenta saber por qué o seu mellor amigo e amor de toda a vida se suicidou unha noite. O que non me gustou foi que hai saltos temporais cos que ás veces te confunde xa que ás veces fala do presente, outras do pasado... Pero aínda así é de lectura fácil e ademais vas sentindo máis curiosidades por saber que pasou xa que pouco a pouco vas enlazando cousas. O final é algo que non esperas xa que a medida que les a historia, non podes imaxinar que fose ocorrer unha cousa así. En conclusión, este libro é dun dos que máis me gustou xa que a historia é moi entretida e bonita e recoméndoo ler. **(María)**

15. Este é un dos mellores libros que levo lido en galego e que me pareceu, a pesar da súa extensión en comparación cos outros libros que hai para ler, moi rápido e doado de ler xa que o autor sabe "enfrascarnos" con éxito no interior desta trágica e amorosa obra. A acción comeza co suicidio de Carlos que desata as lembranzas de Helena e que evoca os veráns compartidos da nenez, á vez que indaga nos motivos desa acción brutal e sorprendente. A enorme riqueza desta novela reside no poder evocador das lembranzas e na capacidade do autor para compartilas. *O sol do verán* é unha historia de amor e morte, pero tamén un canto á melancólica, á beleza, á xuventude e á plenitude da vida. Persoalmente recoméndoaa a todo o mundo xa que nos se esquecerán nin se arrepentirán de lela ademais de coñecer a este grande escritor. **(Sara)**

16. O autor de "O sol do verán" é Carlos Casares, nado en Ourense en 1941 e finado en Vigo no 2002. Esta é a novela póstuma da súa produción narrativa, coa que recibiu un premio da Asociación de críticos españois. Trátase basicamente dunha historia de amor entre Helena e Carlos, os dous protagonistas, que o autor nos dá a coñecer a través das lembranzas da moza ao longo do transcurso da súa viaxe cara á casa familiar, onde Carlos se suicidou. Helena, que viaxa na compañía do seu home, súmese nunha serie de recordos vividos durante a infancia e a adolescencia co agora xa defunto. A protagonista está tan impactada pola nova da morte do seu compañeiro de xogos infantís daqueles veráns inesquecibles na casa da aldea, que intenta recuperar a súa presenza a través das lembranzas que lle acoden á cabeza case sen pretendelo e de paso alivian a súa dor. Creo que, ao mesmo tempo, procura localizar indicios ou actitudes manifestadas por Carlos en todos aqueles anos, que puidesen aclarar os motivos ou razóns polos que este desexase quitarse a vida. Pese á tendencia de Carlos a vivir momentos de pesimismo ou de depresión, a súa era unha boa vida sen grandes complicacións profesionais nin persoais; por iso, na miña opinión, a verdadeira razón que o levou ao suicidio atópase no feito de que se decatou de que perdera a Helena por completo ao casar con Arturo. De tódolos xeitos, suicidarse na casa das persoas que máis te queren do mundo, non sei se consideralo un acto de amor ou de egoísmo. Para rematar este breve comentario vou simplemente engadir que "O sol do verán" é unha gran novela chea de sentimentos entre os que salienta o amor, non cabe dúbida, pese a tratarse dun amor frustrado. **(Iago)**